

Documento aclaratorio á Sesión informativa sobre "Selección de entidades colaboradoras do programa Re-acciona"

En relación co xornada informativa levada a cabo o pasado 11 de xaneiro de 2024 en formato mixto presencial e online formuláronse algunhas cuestións que cómpre aclarar:

1. Pode adquirir a condición de entidade colaboradora unha UTE?

Unha Union Temporal de Empresas carece de personalidade xurídica propia, polo que, de acordo coas bases reguladoras da convocatoria, non cumpre as condicións para ser seleccionada como entidade colaboradora.

2. Na documentación pódense incluír códigos QR con ligazóns a información externa?

De acordo co artigo 6 das bases reguladoras, a oferta de servizo, que especifica o servizo que se compromete a prestar a entidade colaboradora non superará as 40 páxinas de extensión cunha espazado de 1,5 liñas e un tipo de letra Arial con tamaño 12 puntos. Considerando que a extensión está limitada, non se atenderá ao uso de ligazóns externas.

Así mesmo, no relativo a outros elementos da documentación complementaria, para a barefacción do expediente terase en conta exclusivamente a documentación presentada a través do formulario normalizado (anexo I) que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informática <https://www.lgape.gal/gl/oficinavirtual>, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

3. Uso de cadros e imaxes.

Agás no apartado relativo á presentación do servizo á peme, non se recomenda o uso de cadros e imaxes na oferta do servizo.

Aqueles cadros e/ou imaxes que se consideren ilexibles (ben polo tamaño ou tipo de letra, ben pola definición da imaxe) non se tomarán en conta para a avaliación da oferta.

4. A que se refire exactamente o termo "garantía" no art. 10.33a.v das BBRR? Qué contenidos debemos desenvolver en ese punto?

Prazo e condicións de garantía ofertadas: Neste apartado deben indicarse as medidas que tomará a entidade colaboradora para asegurar os resultados do traballo unha vez finalizado o mesmo e durante canto tempo aplicará esas medidas.